

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A POR  
PROMOCIÓN INTERNA DO CONCELLO DE REDONDELA**

Tempo de resolución do exercicio: 45 minutos  
Valoración máxima total do exercicio: 10 puntos

**SUPOSTO PRÁCTICO**

O Concello de Redondela, que conta cunha poboación no seu padrón de máis de 20.000 habitantes, presta o servizo de biblioteca pública nun edificio destinado especificamente a esa finalidade e que ademais está apartado das oficinas centrais do concello que son as que albergan, entre outros servizos, o Rexistro Xeral.

O veciño YYYY, actuando no seu nome e representación da empresa AAAA S.L. da que é propietario, acode á biblioteca para presentar unha factura de maneira presencial por traballos realizados na propia biblioteca.

O veciño ZZZZ, actuando en nome propio, a mediados de febreiro do ano 2024 presentou un escrito no concello solicitando que se acondicione un camiño municipal que pasa preto da súa casa. O 1 de marzo de 2024 o concello notificoulle no seu enderezo un requirimento de enmenda para que no prazo de dez días concrete con maior claridade os feitos, razóns e petición que se deduce da súa solicitude. A notificación foi recibida polo seu fillo, de 17 anos de idade, facendo constar a súa identificación. O día 9 de marzo de 2024, o veciño ZZZZ acode á biblioteca para presentar a documentación que lle foi requirida, pero a persoa traballadora que atende a biblioteca se nega a recibir a documentación argumentando que o Rexistro Xeral do concello está noutro edificio. Posteriormente, o vecino ZZZZ acode ao Rexistro Xeral o día 22 de marzo de 2024, presentando nese intre a documentación que lle fora requirida e alegando que non puido presentarlo antes porque o empregado público da biblioteca se negou a rexistrar o documento.

**RESPONDA ÁS SEGUINTE PREGUNTAS:**

- 1.- O Concello de Redondela está obrigado a prestar o servizo de biblioteca pública? Razoe a súa resposta.
- 2.- Actuou correctamente o veciño YYYY acudindo á biblioteca para presentar a factura? Razoe a súa resposta.
- 3.- Está ben practicada a notificación ao veciño ZZZZ que recibe o su fillo menor de idade? Razoe a súa resposta.
- 4.- Pode negarse o traballador da biblioteca a rexistrar o documento? Razoe a súa resposta.
- 5.- Debe entenderse que o veciño ZZZZ presentou en prazo a documentación? Razoe a súa resposta.